




Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/22615/2022 25/10/2022

Area / Unidade RR.HH PE0000 MJIB	Documento 10816I0DXJ	
Código de verificación  2S57 013O 450V 1855 0MW5	Expediente 108/2022/1611	
	Data 20-10-2022	

**Asunto:** Cobertura en comisión de servizos do posto de xefatura de unidade de Xestión de Tributos nº ref. 111.

## RESOLUCIÓN

### ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.-** A xefa de servizo de Xestión Tributaria, remite ao servizo de RR.HH. unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de xefatura de unidade de Xestión de Tributos número 111 da RPT.

Dita cobertura temporal de posto de traballo, solicítase porque considerase imprescindible para poder atender ao elevado volume de traballo existente actualmente no Servizo de Xestión Tributaria, entre outras causas, debido as xubilacións recentes das funcionarias que ocupaban os postos de xefatura de unidade de Censos e xefatura de unidade de Beneficios Fiscais, dentro do Departamento de Facenda. A falta de cobertura destes postos está a provocar certas disfuncións no Servizo de Xestión Tributaria que non se poden solucionar co persoal existente na actualidade.

A persoa titular do posto de xefatura de Unidade de Censos é a responsable da formación dos Padróns de Lixo, vaos, cemiterios, caixeiros e a partir do ano 2023, ca regularización que se está a facer mediante as comunicacións do Servizo de Mobilidade, do Padrón por ocupación do dominio público das Terrazas. En base a ditas funcións, este posto require de persoal funcionario dedicado a tramitar e vixiar a correcta inscrición nos padróns, co fin de evitar tanto a minoración de ingresos como a interposición de reclamacións dos cidadáns por unha incorrecta inclusión nos Padróns Fiscais

E a persoa titular do posto de xefatura de Unidade de Beneficios é a responsable da tramitación dos expedientes con maior volume do departamento de Facenda (2571 expedientes tramitados no exercicio 2021, e nestes momentos do exercicio 2022, 2.254 expedientes). Expedientes que afectan aos tributos de maior importancia para as arcas do concello (IBI, IVTM, IAE, PLUSVALÍA e LIXO

**Segundo.-** Con data 1 de setembro de 2022 o Servizo de RR.HH. publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo, en base a petición efectuada polo servizo de Xestión Tributaria:

1. Xefatura de Unidade de Xestión de Tributos (Servizo de Xestión Tributaria), referencia 111

No citado anuncio, indicase o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

**Terceiro.** As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Cod.Unid Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.	FP	Adm.
Xest. Tribut.	GT3200	Xestión de Tributos	111	Xef. Unidade	A2/C1	22	AX	FR09	C	AY

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**Primeira.-** O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reserváraselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da CCAA de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, establece que o persoal funcionario de carreira con destino definitivo poderá ocupar, excepcionalmente e de maneira temporal, un posto de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario sempre e cando pertenza ao corpo ou escala e reúna os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

As comisións de servizos poderán acordarse, entre outros supostos, para desenvolver un posto de traballo cando estea vacante; entendendo que un posto está vacante cando non ten titular, cando o seu titular estea ocupando outro posto en comisión de servizos ou cando estea de permiso por parto, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla..

O posto da RPT nº 111, xefatura de Unidade de Xestión de Tributos, actualmente atópase vacante.

**Segunda.-** O xefe de Servizo de RR.HH. co conforme do director de Economía, Facenda e Rexime Interior con data 13/10/2022 (código verificación 6U1H6P4H05451E5X0F8Q), unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV dos candidatos presentados así como o informe da xefa de Servizo de Xestión Tributaria de data 06/10/2022 (código verificación 4R1K3H6K4U3W6B3F0U6N), emite unha proposta de nomeamento de Don Carlos Eugenio Ríos Castañeda, en comisión de servizos, no posto de xefatura de Unidade de Xestión de Tributos (nº ref. 111).

**Terceira.-** Considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de xefatura de Unidade de Xestión de Tributos (nº ref. 111) e con fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do servizo de Xestión Tributaria, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e o art. 30 do Decreto da Xunta de Galicia 151/2022, do 4 de agosto e demais normas concordantes, así como que o funcionario proposto reúne os requisitos establecidos na RPT en vigor, procede destinar a Don Carlos Eugenio Ríos Castañeda, en comisión de servizos, ao posto de traballo de xefatura de Unidade de Xestión de Tributos co número 111 na RPT.



**Cuarta.-** Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, o citado funcionario volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Cod.Unid Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.	FP	Adm.
Xest. Tribut.	GT3200	Xestión de Tributos	111	Xef. Unidade	A2/C1	22	AX	FR09	C	AY

**Quinta.** Actualmente, o funcionario proposto está ocupando, en comisión de servizos, o posto de traballo de asistente de administración de Xestión de Tributos, posto con referencia nº 118.

**Sexta.** O posto de orixe de Don Carlos Eugenio Ríos Castañeda, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Xest. Tributaria	GT3200	Xest. Tributos	Aux. Tributario	137	C1/C2	16	AX	FR04 TC

**Sétima.-** Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 932, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

**Octava.-** O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

## **RESOLVE:**

1.- Finalizar a comisión de servizos de Don Carlos Eugenio Ríos Castañeda (NIF \*\*7650\*\*\*) no posto de traballo da asistente de administración de Xestión de Tributos, posto con referencia nº 118, no Servizo de Xestión Tributaria, con efectos do día anterior a día da formalización da correspondente acta de aceptación do posto indicado no punto 2 desta resolución:

2.- Destinar a Don Carlos Eugenio Ríos Castañeda (NIF \*\*7650\*\*\*) en comisión de servizos, ao posto de xefatura de unidade de xestión de tributos (referencia posto 111). As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Cod.Unid Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.	FP	Adm.
Xest. Tribut.	GT3200	Xestión de Tributos	111	Xef. Unidade	A2/C1	22	AX	FR09	C	AY

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

3.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, o citado funcionario volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

4.- Notificar a presente resolución ao interesado e á xefatura de servizo de Xestión Tributaria.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas